

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA SICUE DE MOBILIDADE ESTUDANTIL PARA O CURSO 2025-2026

O **programa SICUE** (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españols) permite ao estudantado das universidades españolas a realización dunha parte dos seus estudos noutra universidade española distinta da súa, con garantías de recoñecemento académico e aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.

Para iso, a Universidade de Vigo, co fin de promover a mobilidade do estudantado estableceu diversos **acordos bilaterais** con universidades españolas, para determinar os centros, titulacións, oferta de prazas e duración das mesmas a incluír no programa SICUE.

O estudantado só poderá solicitar prazas correspondentes á súa titulación e para o seu centro.

En virtude dos convenios asinados e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as prazas destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar estudos durante o curso académico 2025-2026 nas institucións de ensino superior que se relacionan no anexo II, que se publica xunto a esta convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

ANEXO I**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS SICUE 2025-2026****1. OBXECTO**

Ofrecer ao estudantado da Universidade de Vigo matriculado en programas oficiais de grao a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades coas que a Universidade de Vigo asinou un convenio de intercambio de estudantes SICUE cos seguintes obxectivos:

- Propiciar que todo o estudantado de todos os ámbitos poida formarse noutra universidade como parte dos seus estudos.
- Expor ao estudantado a distintos puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu campo de estudo dentro do contexto nacional.
- Desenvolver as súas capacidades transversais (comunicación lingüística, pensamento crítico, resolución de problemas, interculturais e de investigación) e perspectivas (capacidades dixitais e ecolóxicas).
- Facilitar o seu desenvolvemento persoal: adaptación a novas situacións.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos académicos

Para a presentación dunha solicitude de intercambio SICUE deberán cumprirse **simultaneamente** as seguintes condicións a 31 de agosto de 2024.

- Ter formalizada a matrícula dun mínimo de 30 créditos ECTS no curso 2024-2025 nunha titulación oficial de grao da Universidade de Vigo.
- Ter superados un mínimo de 45 créditos ECTS na mesma titulación.
- Non ter arquivada a matrícula ou suspendidos os dereitos como estudante da universidade.
- No caso do estudantado procedente de traslado, ter superado os 45 créditos na universidade á que se trasladaron, na cal solicitan a mobilidade.
- Non ter presentado renuncia fóra de prazo debidamente xustificada na convocatoria SICUE 2024-2025.
- Poderá participar o estudantado que realizou un intercambio SICUE en convocatorias anteriores, estando matriculado nunha titulación previa, e matriculado no curso 2024-2025 nunha titulación diferente e cumprindo os requisitos anteriores.

O estudantado que non cumpra estes requisitos, quedará excluído e non entrará na fase de valoración do seu expediente académico. (O estudantado que teña pendente recoñecementos ou validacións posteriores a 31/08/2024, porque foran feitas con posterioridade a esa data, deberá mandar un correo electrónico a sicue@uvigo.gal para que se lle faga o cálculo)

Excepcionalmente poderanse flexibilizar os requisitos identificados para o estudantado que cumpra cun dos seguintes requisitos:

- Deportista de alto nivel e de alto rendemento.
- Vítima de violencia de xénero.
- Problemas de saúde que requiran o seu traslado a un municipio específico
- Causas excepcionais e xustificadas que poderán ser valoradas pola ORI.

3. CONDICIÓN DO INTERCAMBIO

3.1 A estadía na universidade de destino terá unha duración mínima de medio curso académico e máxima dun curso completo debendo cumprirse, en cada caso, os seguintes requisitos:

- Estadías de curso completo: deberán cursarse un mínimo de 45 créditos ECTS na universidade de destino.

- Estadías de medio curso: deberán cursarse un mínimo de 24 créditos.
 - No caso de estudantado ao que lle reste para finalizar os estudos menos créditos que o mínimo esixido anteriormente, poderá optar ao intercambio igualmente se cumpre o resto de requisitos citados no artigo 1, requisitos académicos, desta convocatoria.
 - O estudantado con grado de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 % poderá solicitar unha diminución dos créditos matriculados. Dita solicitude deberá ir acompañada dun informe da Unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (UNATEN). Nestes casos, as dúas universidades procurarán informar, coordinar e realizar o seguimento máis axeitado, a través das persoas responsables de mobilidade e as unidades de atención á diversidade e discapacidade, para o mellor desenvolvemento dos intercambios de estudantes con discapacidade.
- 3.2 Mentres non contraveña a normativa interna da Universidade de Vigo e a persoa coordinadora académica da dita universidade así o autorice, se poderán incluír no acordo académico materias cualificadas como suspensas con anterioridade.
- 3.3 No caso de que se desexen incluír no intercambio SICUE materias que non se atopen na titulación obxecto do acordo académico, poderán ser cursadas en titulacións afíns coas que non haxa acordo, previa autorización de todas as persoas coordinadoras das universidades implicadas.
- 3.4 O número de convocatorias ás que ten dereito o estudantado nas materias do intercambio serán as que se levan a cabo na universidade de destino adxudicada para esa materia e curso académico. Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino non incluídas no plan de estudos da Universidade de Vigo, as cales serán incorporadas no expediente como optativas ou como libre elección. O estudantado poderá optar por presentarse á convocatoria extraordinaria na universidade de destino ou á materia equivalente na Universidade de Vigo, previa autorización da coordinación académica, e sempre e cando a normativa da universidade e dos centros o permita.
Poderase cursar na Universidade de Vigo materias suspensas, virtuais, a distancia, etc., sempre que a persoa coordinadora da Uvigo o permita.
- 3.5 A mobilidade do estudantado, unha vez adxudicada a praza na universidade de destino, estará baseada no Acordo Académico, que terá que ser aceptado e asinado polas tres partes implicadas (estudiante, Universidade de Vigo e universidade de destino). Este documento describirá a actividade a realizar polo estudantado beneficiario do programa SICUE na universidade de destino, e o contido nel será recoñecido automaticamente polo centro de orixe. Terá carácter oficial de contrato vinculante para as partes asinantes e **só poderá ser modificado no prazo de un mes dende o inicio de cada semestre**. Calquera modificación do acordo académico deberá indicar claramente as materias que se engaden, as que se eliminan e as que non se modifican.
Lémbrese que ditos acordos se farán na **secretaría virtual** de cada estudante, e se asinarán dixitalmente polo estudantado e polas persoas coordinadoras das dúas universidades.
- 3.6 No Acordo Académico constará especificada a duración concreta da estadía, segundo o determinado nos acordos bilaterais asinados entre a Universidade de Vigo e o resto de universidades españolas. Non obstante, cando a praza obtida corresponda a unha estadía dun curso completo, poderán autorizarse acordos académicos para estadías de medio curso, sempre e cando estean de acordo as persoas coordinadoras SICUE tanto do centro de adscrición na Universidade de Vigo como as correspondentes na universidade de destino. Tamén á inversa, cando a praza obtida corresponda a unha estadía de medio curso, poderán autorizarse contratos de estudos para estadías de curso completo, sempre que as persoas coordinadoras dean o seu visto e praxe, e non se incorra en agravio comparativo con ningún/ningunha estudante que solicítase praza.

3.7 Unha mesma persoa beneficiaria non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade nin no mesmo curso académico.

4. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes será do **13 ao 28 de febreiro de 2025, ata as 23:59 horas**.

O estudantado interesado en participar nesta convocatoria, deberá cubrir o formulario que se atopa na súa Secretaría Virtual, no Portal Académico a través do Acceso Centralizado (Movilidade) no prazo establecido.

Poderanse solicitar ata un máximo de cinco destinos. A orde de selección dos destinos é **vinculante**, polo que unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, non se admitirán cambios nas opcións de intercambio indicadas no mesmo.

Excepcionalmente poderanse ampliar os prazos anteriormente descritos para aqueles estudantes que sexan deportistas de alto nivel e de alto rendemento ou ben vítima de violencia de xénero. Para estes casos, o estudantado deberá acreditar tal condición e aportar unha xustificación motivada da solicitude presentada. Esta excepción aplicarase para facilitar a posibilidade de cambio de destino dentro dos destinos seleccionados e quedará supeditada á dispoñibilidade de prazos e á aceptación por parte da universidade de destino

5. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E PROCESO DE ADXUDICACIÓN

5.1 Listaxes de persoas admitidas e excluídas a trámite

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Oficina de Relacións Internacionais examinará as mesmas para comprobar que compren os requisitos citados nas normas anteriores. Publicarase a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas a trámite. O prazo para a reclamación será de **2 días hábiles**.

Posteriormente publicarase a **listaxe definitiva** de solicitudes admitidas e excluídas a trámite.

5.2 Selección

A selección do estudantado será levada a cabo en función da nota media académica da titulación na que estea matriculado no curso 2024-2025. Para o cálculo das notas medias, teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 31 de agosto de 2024.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico de cada alumno se calculará de acordo á seguinte fórmula: suma dos créditos CUALIFICADOS (isto é, créditos superados con calquera cualificación e créditos suspensos) e multiplicados polo valor das cualificacións obtidas en escala 0 a 10 e dividida polo número de créditos totais CUALIFICADOS. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a efectos de cómputo da media do expediente académico.

$$Nota\ media = \frac{\sum (Créd.\ Calificados * nota\ (0 - 10))}{Total\ créditos\ calificados}$$

Para as materias adaptadas se computará a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos no que non exista cualificación non se terá en conta a efectos de ponderación.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia se converterá en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra 10,00 puntos

Sobresaínte	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos
Suspenso	2,50 puntos

O procedemento de adxudicación de prazas farase por orde de puntuación, non podéndose adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais establecidos para cada universidade.

A selección do estudantado levarase a cabo en función da nota media de cualificación. En caso de empate terá prioridade o estudantado con maior número de créditos con matrículas de honra. De continuar o empate, prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nesa orde.

5.3 Resolucións de concesión e reclamacións

Enviarase á persoa coordinadora da mobilidade SICUE de cada un dos centros unha listaxe do estudantado do seu centro que solicitou praza SICUE, a fin de que lle dea o visto e prace a cada unha das solicitudes de acordo cos criterios específicos de cada centro en materia de programas de mobilidade. As solicitudes que non reciban o visto e prace da persoa coordinadora serán excluídas do proceso selectivo.

Revisada a documentación, publicarase, mediante Resolución da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, a **listaxe provisoria de adxudicación das prazas** de mobilidade na páxina web da ORI, mobilidade SICUE, e no portal de bolsas.

Unha vez publicada a relación provisoria de destinos adxudicados, abrirase un **prazo de 10 días de reclamacións**. O estudantado poderá reclamar cando concorran unicamente algunha das seguintes circunstancias:

- Que se cometera un erro a causa da interpretación equivocada dos documentos aportados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que aparezan ou se aporten novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.
- Outras circunstancias debidamente xustificadas

Transcorrido o prazo de reclamación procederase á publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas e unha listaxe de agarda** nos mesmos lugares de publicación das listaxes provisionais, e **non se admitirán cambios** nos destinos adxudicados.

Quen reúna os requisitos e non obteña praza de mobilidade SICUE formará parte das listaxes de agarda, á espera de producirse algunha renuncia nos prazos indicados.

6. PRAZOS DE ACEPTACIÓN E DESISTENCIA. PENALIZACIÓN

Unha vez comunicada a concesión definitiva da praza, o estudantado terá un prazo de **5 días hábiles** para aceptala. **Se non se acepta na secretaría virtual, entenderase que desiste do seu dereito a participar no programa.**

Se as renuncias se producen fóra do prazo establecido pola UVigo, salvo motivo xustificado ou causa de forza maior debidamente xustificada, quedarán excluídos da posibilidade de intercambio durante un curso académico.

No caso de que se producisen renuncias, o resto dos candidatos/as que reúnan os requisitos, pasará a formar parte das listas de agarda, ordenadas por rigorosa orde de puntuación, de acordo cos criterios establecidos na UVigo. Estas listas de agarda só serán atendidas se non prexudican procesos posteriores.

Con todo, sobre a base do anterior, no caso de que estudantado ao que se lle adxudicou unha praza de mobilidade non formalizase a súa aceptación ou renuncia no prazo fixado por cada Universidade, darase por desistido o seu dereito da súa solicitude, polo que a Universidade poderá anulala de oficio e poderá outorgar automaticamente a praza que tivese adxudicada á seguinte persoa en lista de espera, se a houber.

7. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Antes de irse de intercambio, na Universidade de Vigo o estudantado deberá:

- Ata o 15 de xullo de 2025 (mobilidade no primeiro cuadrimestre e anuais) e ata o 28 de outubro de 2025 (mobilidade no segundo cuadrimestre): cubrir por triplicado o acordo académico e solicitar a sinatura da persoa coordinadora da mobilidade SICUE e pola decana ou decano ou directora ou director do seu centro (PDF sinatura dixital).
- No prazo e polo procedemento indicado na convocatoria de matrícula:
Matricularse na Universidade de Vigo para o curso 2025-2026.

Na universidade de destino o estudantado deberá:

Antes do prazo de matrícula da universidade de destino:

- Ter asinados os tres orixinais do acordo académico, impreso C, pola persoa coordinadora da mobilidade SICUE e pola decana ou decano ou directora ou director do centro de destino adxudicado. Un exemplar será para o/a estudante, outro para a universidade de destino e o terceiro se devolverá ao coordinador/a da escola ou facultade a que pertence o/a estudante da Universidade de Vigo, por correo electrónico.
- Dirixirse á secretaría de alumnos no seu centro de destino para facer a correspondente matrícula. **Os prezos públicos de matrícula serán aboadas exclusivamente na Universidade de Vigo.** O acordo académico só poderá ser modificado **no prazo de un mes dende o inicio de cada semestre.**
- Durante a duración do programa de intercambio, o estudantado será estudantado do centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas do centro de destino.

O estudantado poderá cursar materias nas dúas universidades durante o período de intercambio. Na universidade de orixe poderá cursar materias suspendidas, virtuais, a distancia, etc., sempre que a normativa da UVigo e do centro de estudos o permita.

No caso das prácticas externas curriculares, as universidades establecerán os procedementos internos correspondentes, sen contradicir a normativa da universidade, para a adxudicación de prazas ao estudantado de mobilidade SICUE, de modo que non se vexa prexudicado se, á data de súa incorporación ó centro de destino as prácticas externas xa foran adxudicadas.

No caso dos traballos de fin de grao, TFG, a asignación de tema e/ou persoa titora, e a defensa do traballo, deberá facerse conforme aos requisitos establecidos pola universidade de destino, polo que o estudantado participante no intercambio que queira incluír o TFG no seu acordo académico deberá poñerse en contacto coa coordinación da universidade de destino para coñecer estes requisitos. A coordinación da Universidade de Vigo deberá ter en conta estes requisitos á hora de asinar o acordo académico.

8. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudantado nesta convocatoria deben asinarse dixitalmente mediante un certificado electrónico válido: DNI electrónico ou co certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre.

Recoméndase consultar o manual para a obtención do certificado de persoa física:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/sede%20electrónica/manual_FNMT_gl.pdf

9. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudantado deberá utilizar sempre o correo do dominio @uvigo.gal para dirixirse á ORI.

O estudantado deberá dirixirse sempre a sicue@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

10. COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A obtención dunha praza SICUE será compatible coas bolsas MEFP e as do Departamento de Educación do País Vasco, pero non aumenta a súa dotación por cambiar de cidade.

O estudantado SICUE, entrante e saínte, non poderá participar en actividades de mobilidade internacional convocadas pola Universidade de Vigo que teñan lugar no período no que están a realizar a estadía SICUE.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no Portal de bolsas.

12. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE

Ademais da presente convocatoria, será de aplicación a normativa SICUE para o curso 2025-2026 emitida pola CRUE. Para todo o non contemplado nesta convocatoria, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, poderá establecer medidas de desenvolvemento aplicable, obrigas adicionais aos beneficiarios da mesma, ou medidas de supervisión ao longo do prazo da mobilidade.